



**Expediente núm.:** 1219/2022

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Pereiro de Aguiar (O) para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020

**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022

**Subcarpeta:** Ampliación convocatoria para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) xefe de brigada para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022".

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) xefe de brigada para a obra / servizo "Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais ano 2022", cuxas bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, con data 17 xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de xuño de 2022.

Publicada con data 26 de xullo de 2022 no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello, a Resolución de Alcaldía de ampliación da convocatoria para a cobertura de efectivos de Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais para este ano 2022 nas categorías profesionais:

- 1 Xefe de brigada
- 3 Peóns de Brigada

Expirado o prazo de presentación de solicitudes con data do 29 de xullo de 2022 e, consonte co disposto nas devanditas bases de selección,

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Declarar admitidos/as e excluídos/as provisionalmente ós/ás seguintes aspirantes:

#### LISTA DE ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAP.
1	Bua Seijo, Matías	3271	SI	-

#### LISTA DE EXCLUÍDOS/AS

Non hai.

**Segundo.-** Requírese aos/ás interesados/as para que no prazo de dous (2) días hábiles, ó seguinte á publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (artigo 6 das





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

referidas bases), corrixan os reparos sinalados, acompañando para tal fin os documentos preceptivos, coa advertencia de que se non o fixesen se lles terá por desistidos da solicitude, publicándose cando corresponda, na mesma forma a pertinente Resolución, na que se aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se non se producen alegacións ou reclamacións, entenderanse elevadas a definitivas as listas provisionais que anteceden.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución de relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,  
Luís Menor Pérez

O secretario – interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0617 Data: 01/08/2022



Cod. Validación: 6YFP98FZWE6S4E4KYDIMP5FCDF | Corrección: <https://concelloperreiro.esdelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xosiona esp-ublico | Páxina 2 a 2